

CANTAR DO BERCE
Xoán Vicente Viqueira, 1922

Baixo do branco luar
logo adormecen as flores;
antre as folliñas repousan
os paxaros voadores.
Durme amor dos meus amores.

Nas ponlas dos abeneiros,
toleirón, devagariño,
vai dicindo unha cantiga,
pra te arrolar, o ventíño.
Durme, durme, meu neniño.

Comenta o seguinte texto en 200-250 palabras atendendo aos seguintes aspectos:

1. Contexto histórico.
2. Características do seu movemento literario.
3. Características presentes no texto.
4. Outros dous autores e dúas obras representativas da poesía galega do seu tempo.

Xoán Vicente Viqueira foi un intelectual liberal ligado ás Irmandades da Fala da Coruña no primeiro terzo do século XX. Inmersa na inestabilidade da sucesión da monarquía, a Ditadura de Primo de Rivera e o turnismo durante a república, Galiza vivirá este período marcada pola emigración, o agrarismo e o nacionalismo, que farán que a lingua e cultura galegas sigan gañando espazos e dignidade. Con este obxectivo créanse en 1906 a Real Academia Galega, en 1916 as Irmandades da Fala e en 1931 o Partido Galeguista, que elaborará o Estatuto de Autonomía de Galiza aprobado no referéndum de 1936.

Na poesía galega desta época, ao pé dos escritores de liña máis tradicional que forman parte das Irmandades da Fala, desenvólvense as vangardas poéticas, seguindo os pasos dos "ismos" europeos. Xorden como proposta de modernización literaria e propoñen novos modelos de escrita. Así, o creacionismo de Manuel Antonio busca crear unha linguaxe poética nova a partir das imaxes (*De catro a catro*), e o neotrobadorismo de Bouza Brey (*Nao senlleira*) ou Álvaro Cunqueiro (*Cantiga nova que se chama riveira*) recupera a lírica medieval como modelo para a nova poesía.

Neste poema observamos trazos do imaxinismo, representado por Amado Carballo (*Proel, O galo*). Baséase na humanización da paisaxe a través de personificacións (vv. 2, 8-9) e na presenza de elementos naturais no poema (vv. 1, 3, 6). Por outra banda, presenta elementos tradicionais na métrica (versos octosílabos, rima asonante nos

versos pares, soltos os impares), repeticións (vv. 5, 10) e utilización do diminutivo afectivo, ao estilo de Noriega Varela (vv. 3, 7, 9, 10).

Un sentido poema creado desde o corazón dun emocionado pai.

Dulce Fernández Graña